



Memoria de actividades Año 2023



**FUNDACIÓN
FUNDITEA**
Chegamos alí onde sexa necesario



FUNDACIÓN FUNDITEA

Memoria de actividades Ano 2023

SERVIZOS E ACTIVIDADES

Centro de día

O servizo de centro de día no centro A Penagrande en Moraña desenvolveuse con normalidade durante o ano 2023. Realizáronse as actividades habituais do centro:

- Actividades de autonomía persoal en talleres: formación, informática, comunicación, relaxación, musicoterapia, estimulación sensorial.
- Actividades de saúde e benestar: psicomotricidade, relaxación, xogos interactivos



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PROMOCIÓN DO
EMPREGO E IGUALDADE

Cofinanciado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. Programas de Cooperación



Estancias de verán e atención a persoas con TEA no rural

FUNDITEA ten en funcionamento durante todo o ano o programa de atención a persoas con TEA no rural. Desenvolve tamén un programa de estancias de verán no centro A Penagrande de Moraña con actividades de ocio e tempo libre dirixidas a persoas con autismo.





FUNDACIÓN FUNDITEA

Memoria de actividades Ano 2023

PROGRAMAS ACTIVOS

Programa de rehabilitación



O centro de día A Penagrande ten en funcionamento un programa de rehabilitación psicosocial para persoas con autismo en centro de día. Un equipo multidisciplinar de profesionais é o encargado de deseñar e desenvolver o programa co obxectivo de axudar ás persoas beneficiarias a manter e mellorar as súas capacidades e habilidades cognitivas, de comunicación e sociais e fomentar a súa autonomía persoal.



Cofinanciado pola Deputación de Pontevedra.
Subvencións a entidades sen ánimo de lucro

Promoción dunha imaxe positiva do autismo

Un dos fins estatutarios da Fundación FUNDITEA é o de difundir unha imaxe positiva e normalizada da discapacidade como “diversidade funcional”, poñendo especial énfase no autismo. Con este fin FUNDITEA realizou durante todo o ano 2023 actividades de difusión e normalización do autismo en colaboración con APACAF, como foron a celebración do Día Mundial do Autismo, realización de actividades de inclusión social ou campañas informativas en redes.



Promoción da inclusión laboral das persoas con autismo



FUNDITEA asinou no ano 2023 un convenio de colaboración coa Fundación OLIDÍS co obxectivo de realizar accións conxuntas para mellorar a inclusión laboral das persoas con autismo.



Colaboradores



APACAF

Asociación de Pais de Persoas con Trastorno do Espectro Autista de Centros de Apoio Familiar



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE



Deputación Pontevedra



Concello de

MORANA



DINAK



BBVA